


XXI Edición do  
**CERTAME**  
**LITERARIO**  
**CEIP Canosa-Rus e**  
**Asunción Antelo**  
**(Coristanco)**


CEIP CANOSA-RUS

**Modalidades: Narrativa e**  
**Monográfico**



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# CONTO CON CIENCIA






Mateo e a súa Lúa foron de paseo. Lúa, despistouse e entrou nun misteriosa garaxe.

Na garaxe vivía un Súper Robot que foi creado para axudar á xente

Toda a súa familia estaba moi preocupada. Busaron por toda a cidade pero Lúa non aparecía.

O súper robot non dubidou en axudar a Lía a volver a súa casa. A familia físcose moi contenta de ter a Lía de novo. Os tres físcéronse tan amigos, que súper robot quedou a vivir con eles.

É colorín colorete, este conto prenderá un foguete!



## UNHA INVENTORA IMPORTANTE

Un día unha nena quería ser inventora, pero a súa nai non lle agradaba a idea. Súa nai tivo que marchar facer uns recadiños e mentras... Claudia, que así se chamaba a nena, fixo un experimento.

A nai volveu axiña, porque esquecera o móbil; entrou na habitación de Claudia e atopouna toda contenta cun experimento entre as mans. Enfadouse moito. Castigouna no corredor, onde tiña o móbil a cargar. Claudia aproveitou para xogar con el. Pero a nai voltou ao decatarse de que deixara o móbil. E viu a Claudia xogando. Enfadouse moito máis e castigouna no seu cuarto sen nada.

Claudia foi ver, ao seu caixón segredo, se estaba a súa poción. Era unha poción de crecemento. Cando a colleu, caelle porque se asustou cun golpe da porta da entrada. A poción esparceuse por todo o seu cuarto. Claudia subiuse a unha cadeira para non pisala. Nese momento entrou súa nai, pisou a poción e comezou a medrar, a medrar e a medrar. Claudia ao ver a súa nai convertida nun xigante asustouse e comezou a facer outra poción para poñela como era antes. Estaba nerviosa e levoulle algo de tempo mezclar os ingredientes... Rematouna e doulla a súa nai para que a bebera a grolíños. Nun "tris-tras" volveu ser a mamá de sempre.

Entón, súa nai decatouse de que a súa filla tiña un gran futuro na ciencia, como inventora, e nunca máis lle prohibiu facer experimentos.

Pasaron os anos e Claudia fíxose adulta e, con tantos experimentos que practicara, converteuse nunha inventora importante e moi famosa no mundo enteiro.



**Arancha e  
Aldara, 3º E.P.**

## MERLO BRANCO

Na aldea dos merlos, vivía unha familia: o papá merlo e a mamá merlo. A femia xa tiña un bebé no ovo. O día doce de marzo naceu o merlo pero non era de cor negra. Era branco! A súa familia estaba descontrolada. O pai chocaba a súa cabeza contra unha árbore e a nai queixábase:

- Ai, meu deus! O meu fillo é un merlo de cor branca!

O merlo branco botouse a choromicar e marchou para fóra do niño. Como aínda non sabía voar, caeu. De repente, apareceu unha sombra: era Ramiro, o periquito, que era un dos mellores xornalistas. Cando o viu chorar, díxolle:

-Que che pasa, rapaz?

-É que son branco... - dixo o merliño saloucando.

-É verdade! Nunca vira un merliño de cor branca! É unha noticia interesante! Verdade que sí?

- Non sei...- dixo o merlo con bágoas nos ollos.

De súpeto berrou súa nai:

- A comeeeeer!

E subíndose a unha póla do castiñeiro onde vive a familia, chegou ao burato onde estaba o papá merlo e a súa mamá merlo. Despois de comer, baixou do castiñeiro e viu unha nota. Como non sabía ler, chamou ao seu papá.

- Papáaaaa!

-Que queres, fillo?

-Que pon aquí, papá?

O papá merlo empezou a ler a noticia: " Se tes de fillo un merlo, pero que sexa un merlo branco, dámosche 1000 requetealpistes e unha cea feita polo mellor cocifeiro do mundo de pratos para paxaros chamado Pablo, a Pomba.

Asinado: Ramiro, o periquito.


O merlo toleou pensando en tantos alpistes xuntos. Era o rei! Agora non lle importaba a súa familia! Só os alpistes e o bufet!

O día que daban esa comida, o papá merlo colleu a merlo branco e marcharon no coche a fume de carozo. Cando chegaron, merlo branco, sen que ninguén o vise, entrou na cocina, meteuse no forno e co carbón volveuse negro de todo. O pai estaba vermello como un tomate buscando ao seu fillo, porque non o vía. Ao final expulsárono do concurso por mentireiro. Pero no momento máis inesperado, empezou a chover. Como estaban fóra, as

pingueiras despitárono de todo e tornou branco outra vez. O pai riuse cunha gargallada de satisfacción.

Quería pillalo porque o enganara. O merlo branco correu tanto para que o seu pai non o collera que bateu cunha lata de pintura negra permanente e, por fin, de ser un merlo branco pasou a ser un merlo negro para sempre.

E colorín colorado, o conto do paxaro está rematado.



Daniel, 3º  
E.P.

## OS ANIMAIS E A LÚA

No país onde os animais durmen cun ollo aberto e outro sen cerrar ocorreu, non hai moito, a seguinte historia.

Unha noite un rato, mirando o ceo, viu a lúa chea. Chamou aos animais do bosque e todos berraban abraiados e dicían:

- É un globo!

- Non, é un anel!

- É un sol!

- Nada diso, é a lúa – dixo o rato máis veterano.

O rato que a descubriu quería chegar a ela e baixala. Propúxolles ila buscar.

- E como facemos? – preguntou o animal dos longos bigotes.

- Podemos subir nun foguete – dixo a que ten un colo longo.

- Cando entre un raio de lúa na nosa casa – propuxo o animal de longas melenas.

Todo isto estábao vendo un rapaz desde a ventá do seu cuarto porque non durmía e ocorréuselle poñer un queixo aló no alto, no lugar a onde eles chegaran.

Os animais, unha tarde que viron o arco da vella, subiron nel e chegaron cabo do queixo. Os máis espilidos pillárono, baixárono e repartírono entre todos. Ninguén mirou para riba e non se decataron de que a lúa seguía no seu sitio. Todos colleron o seu anaco e falaban:

- Que ben sabe a lúa! – dicía un.

- Que cachiño máis pequeno! – laiábase outro.

- Sabe a leite! – opinaba o animal de longas orellas.



Mentras os animais falaban, apareceu o rapaz e preguntou con cara de pícaro:

- Que tedes aí? Que facedes?
- Mira, subimos buscar a lúa e estámola probando – respondeu un dos presentes.
- Que dis? Non ves que a lúa está aí no río? Mirade!

Os animais enfadáronse moito, sobre todo, con eles mesmos por ser tan bobos. De alí en diante miraban abraiados o ceo cada noite e repararon en que había un tempo en que medraba e outro tempo en que minguaba e non comprendían que pasaba. Para eles eran un misterio, pero non para o neno que coñecía as fases da lúa.

E así é como remato este conto. Se non che gustou faino ti máis atractivo!



## A CARAPUCHIÑA ADUANANTE

Nun país perdido no espazo había unha nena, a famosa Carapuchiña, que sempre nos contaron que o malo era o lobo, pero é mentira. O lobo case lle tiña medo a ela e procuraba non encontrala, aínda que un día non lle había quedar máis remedio que comela.

Esta Carapuchiña era moi aduanante: metíase con todos, era rebelde, tramposa nos xogos cos compañeiros... Mirade como sería, que foi ela quen apartou os anacos de pan que ían tirando Hänsel e Gretel, aqueles nenos que o seu pai abandonou no bosque e chegaron á casiña de chocolate. Acordadesvos deles? Outro día cruzouse co Gato con Botas e empeñouse en quitarlle as botas, ríase da princesa que foi convertida en cisne, tivo unha pelexa co frautista de Hamelín: non pretendía ser ela a que afogaba os ratos no río, cando nin sabía tocar o frauta! Non vos conto máis porque era capaz de facer as cousas máis inesperadas.

Unha tarde leváballe unha bolsa de alimentos á avoíña que, por certo, cambioullos todos: no lugar de alimentos delicados para unha avoíña co estómago débil, levoulle chourizos picantes, iogures caducados, uvas podres, pan de ovo reseso...Atopou ao lobo despistado de modo que non lles quedou máis remedio que emprender unha conversación.

- Ola Carapuchiña - saudou o lobo- como estás?
- E a ti, que che importa, demo de lobo?
- Marcho, non te molesto - di o lobo.
- Non marches, que che mordo o rabo!

O lobo foise indo amodiño. Carapuchiña berroulle:

- Non marches! Vén aquí, que quero ser a túa amiga. Non teño a ningún. Estou sempre enfadada porque non me queren.
- Terás que aprender a comportarte- respondeu o lobo
- Onde se aprende iso?- preguntou a nena.

Estiveron falando un pouco e finalmente, Carapuchiña foi a un centro onde lle ensinaron bos modais e canto máis feliz foi! Daquela empezou a ter máis amigos. Claro, xa daba gusto estar cunha rapaza atenta e amable. Agora andaba contenta e ata se fixo moi amiga do lobo deste conto, non doutros lobos que poden ser perigosos.

E colorín, colorete, pola cheminea escapou...quen?



**Paula e Valeria D.  
4º E.P.**

## PERSEGUE OS TEUS SOÑOS

Contan os que o viron... que un adolescente chamado Ían, de Oxford, que soñaba con ser un famoso científico. Ían tiña un malvado inimigo, Jack.

Jack sempre lle dicía que non ía lograr o seu soño, e el cría que sí. Jack non soportaba a Ían e cambiouse de instituto. Ían, como Jack marchara do instituto, tivo máis tempo para dedicarse de cheo e sen atrancos a cumprir o seu soño: ser científico. Pensou e pensou... e púxose a practicar facendo experimentos xa inventados.

Ían medraba e pasaba de curso. Acobou o instituto. E, sorpresa!, Ían e Jack volvéronse a ver na universidade!!!

Ían inventou o ``PERAIHPONE``, un móvil en forma de pera, que podía facer de todo. Jack aínda non conseguira ser científico. Ao final, Jack apoiou a Ían; foise acercando e xuntos inventaron moitos aparatos (inventaron a agulla e tamén un medicamento contra o cancro!!!).

A súa amizade medrou tanto que acadaron ser os dous mellores científicos da historia. Incluso con recoñecidos premios mundiais!!!

Isto é verdade e non minto, como mo contaron cóntovolo.

**Ainhoa, Aitor, Christian e  
Noa, 5º E:P.**

## WOLF

Nun lugar daquel fermoso bosque naceu hai uns días un pequeno lobo chamado Wolf. Estaba soño na obscuridade daquela fría, húmida e profunda cova. Vivía na máis profunda soidade.

Wolf non sabía moi ben que puido acontecer para que un lobo recén chegado a este mundo estivera só.

Onde está a miña familia? Preguntábase.

Wolf facíase moitas preguntas, pero non atopaba respostas. Sentíase indefenso e cheo de medo, pero sobre todo tiña moita fame.

Unha mañá decidiu saír da cova e explorar o bosque, tiña tanto medo que case non podía andar. A súa barriga estaba tan baleira que se mareaba e parecía que todo ao seu redor daba voltas.

Despois de moito andar atopouse cun esquío e preguntoulle onde podía atopar algo para comer. O esquío botouse a rir e díxolle:

-Co pequeno que es non sei moi ben que vas comer, porque os lobos cazan e ti es moi pequeno para iso. Wolf díxolle se lle axudaba porque se non morrería de fame.

O esquío preguntoulle onde á a súa familia e Wolf díxolle que estaba só e non sabía nada dela. Seguramente o abandonaran e sentíase moi enfadado por iso. O esquío quedouse pensando e díxolle que recordaba que a semana pasada unha loba fora asesinada por uns cazadores.

-Seguramente que era túa nai!

Wolf comezou a chorar dunha maneira que o seu corpo quedou tendido na verde herba daquel bosque.

Decidiu regresar a cova, a debilidade que tiña fixo que pronto se durmira.

Xa era de noite cando Wolf espertou oíndo una voz que dicía: Wolf, Wolf...saíu da cova, mirou ao ceo e viu a imaxe dunha loba. Era súa nai!!! Wolf berrou:

-Maaaamaaa!!!

-Ola fillo, son túa nai si, quero que loites para que nun futuro sexas un lobo forte. Eu dende o ceo estarei protexéndote. Tes que ser moi forte e valente nesta vida.

Ao cabo do tempo, Wolf converteuse nun fermoso lobo que non tiña medo a nada porque sabía que súa nai lle estaba protexendo desde o ceo.

E colorín colorete, pola chimenea saiu un foguete.

**Lucas, 6º E.P.**

## NON AO ACOSO

-Quero ser científica!

Iso foi o que dixo Eva cando a señorita Sara lle preguntou que quería ser de maior. Estaba na escola na clase de lingua e tiñan que facer unha redacción sobre como se vían no futuro. Eva explicou que quería ter un traballo co cal poder investigar un montón de cousas que axudaran a progresar o mundo.

Ao chegar á casa, estaba triste. Os seus compañeiros da clase dixeranlle no recreo que non valía para científica. O seu corazón encollérase do desgusto. Intentou darse ánimos a si mesma, pero non serviu de nada. Pensaba: “para que perseguir un soño, se nunca chegarei a alcanzalo”. Pasouse toda a tarde encerrada no seu cuarto. So choraba e choraba sobre a súa almofada. A súa nai chamouna para cear. Foi a regañadentes. Ceou sen falar e volveu o seu cuarto correndo. Soñou con que quedaba durmida, chegaba tarde ao colexio e que os seus compañeiros se burlaban de ela por iso. Espertou, repentinamente, ás tantas da madrugada e botouse a chorar en silencio. Non se daba conta de que era acoso. Acoso, nada máis. Non dixo nada ata unha semana despois.

-Mamá, papá, temos que falar.

-Por fin! Parecíanos que estabas moi rara.

-No cole...

-Xa sabemos que che pasa, pero queriamos que nolo dixeras ti. Non debes deixarte vencer polo acoso.

-Acoso?

-Si, acoso. Os teus compañeiros da clase dinche que non eres capaz de conseguilo, pero si que o eres. Podes facer cada cousa que te propoñas.

-Tedes razón. Gracias.

Vinte anos máis tarde, o xornal puxo en portada a seguinte noticia:

EVA POSE, VÍCTIMA DO ACOSO E CREADORA DO NOVO MUNDO

Sabedes a que se refire con “creadora do novo mundo”. Seguro que si!

FIN

**Xulia, 6º E.P.**

M A R I E



C U R I E

E. Infantil

A pequena Marie de maior  
queria ser cientista.



Ganhou unha medalla de ouro  
por ser boa estudante.



Marchou de vixiña a París  
para seguir aprendendo.  
Era a mellor estudante.



Marie comeceu a Pierre e  
namoráronse da ciencia

converterárase en madame  
e monsieur Curie.

No seu laboratorio descubriron o  
radio e o polonio.



Gañaron un Premio Nobel.  
Foi a primeira muller en gañalo.

Pierre sufriu un accidente  
e Marie quedou soa.

Recibiu o segundo  
Premio Nobel.




Os seus descubrimentos foron  
moi importantes para a medicina.



E. Infantil






XENTE A PROL DO MEDIO-  
AMBIENTE.  
MULLERES GALEGAS CON  
HISTORIA.

---

CLASE 6º



**Nome:**Brigitte Anne-Marie Bardot

**Nacemento:**28 de setembro de 1934.

**Anos :**oitenta catro.

**Profesión:** actriz e defensora dos animais en extinción.

**QUE FIXO POLO MEDIO :** A comezos do 1976 **creou unha campaña para denunciar a caza das focas**. Bardot dirixiu unha manifestación fronte a **embaixadora de Noruega**.


**NOME:** Al Gore

**NACEMENTO:** Washington D. C. o 31 de marzo do 1948.

**PROFESIÓN:** político, avogado e ecoloxista.

**QUE FIXO POLO MEDIO AMBIENTE?**

Recibiu o premio Nobel da Paz polo seu activismo sobre o cambio climático. **Creou moitas asociacións sobre o cambio climático**. Dou unha charla que fixo que todos os american@s se deran de conta da contaminación que había.



**NOME :** Cristiana Figueres


**PROFESIÓN :** economista e analista

**ANOS :** 62

**QUE FIXO POLO MEDIO AMBIENTE?**

Aportou a súa colaboración combatendo o cambio climático . Foi nomeada unha das 100 persoas máis influentes do mundo .






Elon Musk

Naceu o 28 de xuño de 1971(47 anos)

(Pretonia,Sudáfrica)

O que está intentando polo medio ambiente e frear o proceso do quentamento global. Mediante o abandono dos combustibles fósiles por enerxía solar e reducir o risco dunha posible extinción da raza humana. Fixo a creación do primeiro automóbil eléctrico económicamente viable.

### JACQUES COUSTEAU



Jacques Cousteau naceu o 11 de xuño de 1910 e faleceu o 25 de xuño de 1997 en Francia. Foi un oficial naval francés, explorador e investigador que estudou o mar e varias formas de vida coñecidas na auga. Este, a base de recorrer os océanos, tomou conciencia das ameazas que os homes inflíxen aos ecosistemas mariños e a toda a terra, e no **ano 1960 sublevouse contra a inmersión de residuos radioactivos no Mar Mediterráneo**. No 1974 crea varios grupos para promover a protección do planeta.

### WANGEARI MAATHAI

Naceu o 1 de abril de 1940 e morreu o 25 de setembro de 2011. Foi unha política e ecoloxista que en 2004 déronlle o Premio Nobel da Paz pola



súa contribución polo medio ambiente. *P*lantou 47 millóns de árbores e loitou polo medio ambiente.

## PERSOAS QUE AXUDAN AO MEDIO-AMBIENTE

Nome: Boyan Slat

Idade: 24/ 25 anos (Fonte: Wikipedia, 20 Minutos)

Profesión: inventor

Que aportou ao medio-ambiente:

Creou "The Ocean Cleanup", **unha compañía que desenvolve tecnoloxías avanzadas para eliminar o plástico dos océanos.** Pensa en limpar a illa de basura do Pacífico.



NOME: Saltwater Brewery

PROFESIÓN: cerveceira

QUE APORTOU: **empezou a facer as aneis de cerveza con cebada e trigo comestibles aos peixes para que non houbera tanta contaminación.** Así os peixes non morrerían.



STELLA MC CARTERY:

NOME: Stella MC Cartery.

ANOS: Naceu o 13 de setembro do 1971 ( 47 anos).

PROFESIÓN: Deseñadora de moda.

QUE APORTOU: **Stella é unha firme partidaria dos dereitos dos animais e é particularmente coñecida polo uso de alternativas vexetarianas e sen animais no seu traballo.** Ela non usa nin coiro nin pel nos seus deseños. Algúns dos seus deseños teñen texto que explica a súa política aos ~~os~~ animais. Presentará un proxecto para combater o dano que causa a industria da moda no mundo.



VANDANA SHIVA

Naceu o 5 de novembro de 1952 ten 66 anos. É unha filósofa que recibiu o Premio ao Sustento ben Gañado. **Creou unha fundación cuxa intención é rescatar , protexer o medio ambiente e conservar variedades locais.**



SYLVIA EARLE:

NOME: Sylvia Earle.

ANOS: 84.

CAL É A SÚA PROFESIÓN? : Antes o seu traballo era ser xefa da Administración Nacional Oceánica e Atmosférica.

QUE FIXO POLO MEDIO AMBIENTE? : Dedicou a súa vida a mirar a situación nos océanos e tamén colaborou por danos causados polo petróleo.

JANE M.GOODALL

Naceu en Londres, o tres de abril de 1.934.É unha primatóloga, etóloga, antropóloga e mensaxeira da paz da Onu.Considerada a maior experta en chimpancés.Leva estudando cincuenta e cinco anos no Parque Nacional Gombe Stream.Traballou extensivamente en asuntos de conservación e benestar animal.

ROSA DE CORCOESTO:

NOME: Rosa de Corcoesto.

ANOS: Faleceu con 78 anos.

PROFESIÓN: Non tiña traballo, pero aínda así era unha muller pobre, pero loitadora e transgesora.

QUE APORTOU: Ela era moi boa no extracto de plantas medicinais, e aportou variedades de medicamentos.



Nome: Celia Brañas y Fernández Miranda.

Nacemento: 20 de maio de 1880.

Falecemento: 12 de xuño de 1948.

Que fixo pola humanidade?

Defendeu o tema da importancia que para a rexión galega tería a **creación dunha estación de bioloxía mariña na Coruña** e os medios prácticos para establecela. Un ano máis tarde logrou que o Museo Nacional de Ciencias Naturais de Madrid organizase un curso de bioloxía mariña na Coruña. Participou como compoñente no Primeiro Congreso de Estudos Galegos.

## ANTONIA FERRÍN

NACEU: O 13 de maio de 1914 en Ourense.

MORREU: O 6 de agosto de 2009 en Santiago de Compostela. Con 95 anos.

PROFESIÓN: Matemática, profesora e a primeira astrónoma.

QUÉ APORTOU: Contribuíu a astronomía con traballos sobre ocultacións estelares pola lúa, medidas de estrelas dobres e medidas astrométicas.

## CONCEPCIÓN ARENAL

NACEU: O 31 de xaneiro de 1820 en Ferrol.

MORREU: O 4 de febreiro de 1893. Con 73 anos.

PROFESIÓN: Visitadora de prisións licenciada en dereito , periodista e escritora española pioneira do feminismo español .

QUE APORTOU: Defendeu a labor levada a cabo polas comunidades relixiosas en España, simpatizou con personalidades a colaborar no Boletín da Institución Libre de Ensinanza e denunciou a situación das cárceres de homes e mulleres.

CONCEPCIÓN PÉREZ IGLESIAS:

NOME: Concepción Pérez Iglesias.

ANOS: Naceu no 1881 e morreu en decembro de 1939,

PROFESIÓN: Foi unha mestra, política e alcaldesa de España.



QUE APORTOU: **Foi alcaldesa seis anos antes de que fora recoñecido o dereito de sufraxio as mulleres en España.** Aos 20 anos obtén o título de mestra e en 1907 é destinada ao colexio nacional de nenas do Ayuntamiento de Portas.

MARÍA CASTAÑA

**María Castaña foi unha muller do século XIV. Foi unha fidalga galega que liderou unha revolta contra o poder eclesiástico.**

ELISA JIMENA FERNÁNDEZ DE LA VEGA:

NOME: Elisa Jimena Fernández de la Vega.

ANOS: Naceu no 1895 e morreu no 1984.

PROFESIÓN: Foi unha médica vencellada a Galiza, pioneira e promotora da xenética en España.

QUE APORTOU: **Foi a primeira muller en estudar nunha universidade galega.** Foi admitida na facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Polo seu famoso traballo concedéuselle o Premio Extraordinario. Cando rematou a guerra civil volveu a Madrid, deu clases na Facultade e traballou no hospital de San Carlos. Mais tarde, sacou as oposicións a médico de balneario. Tras a morte da súa nai, foi directora de distintos balnearios e finalmente trasladouse ao balneario de Lanjarón, onde permaneceu ata a xubilación. Morreu nun sanatorio de Santiago dunha enfermidade cerebrovascular.



FONTE: <http://culturagalega.gal>



**NOME:** Irena González

**DATAS:** naceu o 26 de marzo de 1909, na Coruña e faleceu o 9 de abril de 1928 aos (19 anos) na Coruña.

**QUE FOI?** Foi a primeira muller futbolista galega e española.

**QUE APORTOU A SOCIEDADE?** Que non fai falta ser un home para poder xogar ao fútbol ou outras cousas.



**NOME:** Manuela Barreiro Pico

**DATAS:** naceu o 5 de xuño de 1877, en Viveiro e faleceu o 26 de xaneiro de 1953, aos (76 anos) en Madrid.

**QUE FOI?** Foi unha farmacéutica española, tamén foi a primeira muller licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela.



**NOME:** Emilia Docet

**DATAS:** naceu o 9 de xullo de 1915, en Vigo e faleceu no ano 1995 aos (80 anos).

**QUE FOI?** Nos seus principios foi unha nadadora e logo presentouse ao concurso de (Miss España en 1933). Tamén ganou o dito premio en Madrid. Ao pouco tempo presentouse ao concurso de ( Miss Europa) e quedou de dama de honor.



PROFESIÓN: Política

QUE APORTOU Á SOCIEDADE: Dedicou a súa vida á defensa dos dereitos das mulleres.

FONTE: Wikipedia

VERÓNICA BOQUETE:

NOME: Verónica Boquete.

ANOS: 34.

PROFESIÓN: É futbolista na UEFA.

QUE APORTOU: Ensinoulles a moitas mulleres que poden elixir o traballo que queiran sen a obriga de ninguén.

ANTONIA SANJURJO

PROFESIÓN : E en 1930 obtivo o título de profesora mercantil na Escola de Altos Estudos Mercantís da Coruña.

INFORMACIÓN : Antonina estudou peritaxe mercantil en Vigo . Obtivo o título de profesora mercantil na Escola de Altos Estudos Mercantís da Coruña. Era unha persoa cunha grande inquietude intelectual, porque decide continuar estudando. Vivíu na Residencia de Señoritas en Madrid .

Culturagalega.gal

Nome: Rosalía de Castro.

Profesión: Poeta e novelista.

Anos: Naceu o 24 de febrero de 1837 e morreu o 15 de xuño de 1885.

Que aportou: Grazas ao seu libro (Cantares Galegos) volveu a resucitar a lingua galega.

Fonte: Wikipedia.

Nome: María Luz Morales Godoy.

Profesión: Periodista e escritora.

Anos: Naceu en 1890 e morreu en 1980.

Que aportou: Foi a primeira muller en España directora diario nacional.

Fonte: Wikipedia



dun

Nome: María de la Inmaculada Concepción Martín.

Profesión: Activista e pacifista.

Anos: Naceu o 15 de xaneiro de 1936 e morreu o 25 de xaneiro de 2016.

Que aportou: Protestou fronte a Casa Blanca polas armas nucleares.

Fonte: Wikipedia



6° E.P.